

**PASES ÚNICOS:** 27.01.2019 e 28.01.2019 | V.O. | +12

*El rey* (2018, 84')

**Dirección:** Alberto San Juan, Valentín Álvarez

**Guión:** Alberto San Juan

**Elenco:** Luis Bermejo, Alberto San Juan, Guillermo Toledo

**Montaxe:** Kike Costas

**Son:** David Mantecón

**Fotografía:** Valentín Álvarez

**Produtora:** Teatro del Barrio (España)

**Distribuidora:** El Sur Films

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Español

## SINOPSE

Dous anos estiveron Alberto San Juan, Willy Toledo e Luis Bermejo a encher o Teatro del Barrio cunha obra sobre a historia recente de España que pivota arredor do emérito Juan Carlos I e pola que desfilan pantasma do pasado como Adolfo Suárez, Felipe González, Cebrián, Carrero Blanco, Puig Antich ou Antonio Tejero. Na súa adaptación cinematográfica *El rey* explora recursos do teatro, hibridando linguaxes e construído unha ficción sobre a ignorancia, un revulsivo contra a cultura da transición que pode ser unha película incómoda debido ao seu repaso honesto e descarnado dos últimos anos da pel de touro.

“Adopta un enfoque experimental, arriscado e inevitabelmente controvertido servíndose de luces, sombras, sons e ángulos de cámara para crear unha atmosfera onírica e angustiosa”

Nando Salvá, EL PERIÓDICO



## “O filme é un obxecto artístico, non unha ferramenta para a militancia”

Entrevista con Alberto San Juan

Por John Tones

**Como nace o proxecto?** Do puro desexo de facer un filme, compartido por Valentín Álvarez e por min. Eu encárgome sobre todo de guión e dirección de actores, e Valentín da iluminación e a realización. Na fase posterior de montaxe estamos os dous man a man. Había tempo que nos apetecía, e *El rey* permitíanos desenvolver unha aposta artística que nos interesaba cos escasísimos recursos económicos que tiñamos: rodar en poucos días nun só espazo, con actores que xa sabían os papeis. Fixémolo en seis días e medio no Teatro do Barrio, e ao ser un pesadelo como o que pode ter calquera (non en contido, claro, pero si en forma), a liberdade é absoluta. Iso interesábanos para experimentar, e aparte podíamos facela sen medios.

### Nunca se expuxo entón doutra forma, como un filme máis convencional?

Non, en realidade foi produto dun arrebatado. Decidímolos e nunhas semanas estabamos a rodar. A preparación foi mínima e non pedimos ningunha axuda.

**Pero financiastes parcialmente por crowdfunding...** Si, porque pensabamos que sairía máis barata. Coa miña mala cabeza para o diñeiro, enganei sen querer ao Teatro do Barrio e díxenlles que con dez mil euros facíamos o filme. Ao final custou como 30.000 ou así, porque había unha gran cantidade de gastos que eu non podía prever. De feito púidose facer porque cobrou todo o equipo (aínda que algúns se baixaron o soldo) salvo actores e directores. E logo unha produtora que teñen uns amigos regaláronnos catro semanas de edición e un editor que pagaron eles. Grazas a eses 1.120 coprodutores do *crowdfunding* isto puido saír adiante.

### Estamos a vivir un clima político que fai necesarios filmes como este?

Estamos aínda, desde 2011, nun cambio de ciclo histórico e político, o cambio que se inicia coa Constitución de 1978 está en declive, está esgotado, aínda que pode seguir camiñando como un zombi durante anos. Pero aínda non sabemos cal é o ciclo político que lle seguirá, así que por suposto que hai un debate social en todos os ámbitos, e este filme participa nese debate de quen somos e onde imos. Pero é un obxecto artístico, non é unha ferramenta militante (ou non o é no seu primeiro propósito). Que despois sirva para o debate, pois estupendo.

### Pero é un filme claramente situado...

Tentamos que non sexa un panfleto. Teño moito respecto polos panfletos, pero creo que non son expresións artísticas. Ou quizais si... non sei se ‘O Manifesto Comunista’... (ri). Desde logo, o filme

non pretende ofrecer ningunha verdade pechada alternativa á oficial, pretende compartir preguntas. Insistín moito en non caricaturizar os personaxes e entendelos. A única caricatura que hai, e non estou seguro de que se foi un erro, foi no caso de Tejero, aí venceunos a tentación.

**Aínda que está claro que ten elementos de humor, non?** Alégrome de que vexas humor, pero hai moita xente que non o atopa.

**No tratamento satírico de moitos personaxes, como Franco, que interpretas ti mesmo...** Eu non tentei darlle un matiz humorístico. Quizais algún diálogo concreto, como o das sardiñiñas, pero desde logo con ese personaxe eu non buscaba a risa.

**Un dos temas primordiais é o dos privilexios: como se atopan, como se herdan... Que che interesa desa cuestión?** É sen dúbida o gran tema. O golpe de estado franquista do 36 dáse para defender uns privilexios históricos dos grandes propietarios do campo, a industria e os estamentos militar e eclesiástico, que os vían en perigo por culpa da República. Revestírono de cruzada para salvar o cristianismo e a civilización occidental do comunismo, pero defendían uns privilexios de clase, que logo se fortaleceron co franquismo e o xenocidio que o inaugurou.

Publicado en [espinof.com](http://espinof.com)  
Tradución: Olalla Cociña Lozano

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

